


FEDERACIÓN GALEGA DE REMO

REGULAMENTO ELECTORAL

Para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Remo




ELECCIÓN 2014

Aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en
Santiago o día 14 de setembro de 2014



ÍNDICE

<u>CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS</u>	3
<u>SECCIÓN PRIMEIRA: PRINCIPIOS XERAIS.</u>	3
<u>SECCIÓN SEGUNDA: CONVOCATORIA DE ELECCIÓN.</u>	3
<u>SECCIÓN TERCEIRA: O CENSO ELECTORAL.</u>	4
<u>SECCIÓN CUARTA: A XUNTA ELECTORAL.</u>	6
<u>CAPÍTULO II: ELECCIÓN DA ASEMBLEA XERAL</u>	8
<u>SECCIÓN PRIMEIRA: COMPOSICIÓN DA ASEMBLEA XERAL.</u>	8
<u>SECCIÓN SEGUNDA: ELECTORES E ELIXIBLES.</u>	9
<u>SECCIÓN TERCEIRA: PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS.</u>	10
<u>SECCIÓN CUARTA: MESA ELECTORAL.</u>	10
<u>SECCIÓN QUINTA: VOTACIÓN.</u>	11
<u>SECCIÓN SEXTA: ESCRUTINIO E PROCLAMACIÓN DE RESULTADOS.</u>	14
<u>CAPÍTULO III: ELECCIÓN DE PRESIDENTE</u>	15
<u>SECCIÓN PRIMEIRA: FORMA DE ELECCIÓN.</u>	15
<u>SECCIÓN SEGUNDA: MESA ELECTORAL.</u>	16
<u>SECCIÓN TERCEIRA: VOTACIÓN, ESCRUTINIO E PROCLAMACIÓN DE RESULTADOS.</u>	17
<u>CAPÍTULO IV: ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA</u>	18
<u>CAPÍTULO V: RECURSOS</u>	19
<u>ANEXO I: CALENDARIO ELECTORAL</u>	22
<u>ANEXO II: MODELOS DE SOBRES E PAPELETAS</u>	24





CAPITULO I - DISPOSICIÓN XERAIS

SECCIÓN PRIMEIRA - PRINCIPIOS XERAIS

Artigo 1.- Normativa aplicable.

As eleccións á Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Remo regularanse polo disposto na Lei 3/2012, Xeral do Deporte de Galicia, do 2 de abril, e na Orde do 8 de setembro de 2010, publicada no DOG número 174 do xoves, 9 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, confecciónase a presente normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno, Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, con representatividade durante o período 2014 ata o 2018.

Artigo 2.- Celebración de eleccións.

As eleccións terán lugar dentro do ano que corresponda á celebración dos Xogos Olímpicos de inverno.

Artigo 3.- Carácter do sufraxio.

O sufraxio terá carácter libre, igual, directo e segredo.

SECCIÓN SEGUNDA - CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS.

Artigo 4.- Realización da convocatoria.

1. As eleccións serán convocadas polo Presidente da Federación Galega de Remo o día 6 de outubro de 2014 conforme ós requisitos deste Regulamento aprobado pola Asemblea Xeral e a Secretaría Xeral para o Deporte.
2. Unha vez aprobado o Regulamento Electoral por parte da Asemblea Xeral, presentarase na Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación, e delegarase na Xunta Directiva a facultade de aprobación e realización das modificacións indicadas de cara a súa ratificación definitiva pola Secretaría Xeral para o Deporte.

O Regulamento Electoral publicarase no taboleiro de anuncios da sede da Federación, así como na web da Federación (www.fegar.org) e na da Secretaría Xeral para o Deporte de conformidade có disposto no artigo 58.6 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

3. Simultaneamente á convocatoria de Eleccións, a Xunta Directiva disolverase constituíndose en Comisión Xestora, que non poderá adoptar máis que acordos de mera xestión e trámite.



Artigo 5.- Publicidade da Convocatoria.

1. A Comisión Xestora garantirá a máxima difusión e publicidade do procedemento electoral. A convocatoria de eleccións será notificada a través dun medio que permita asegurar a recepción da notificación, cando menos aos clubs integrantes da Federación, e exposta no taboleiro de anuncios na sede da Federación (Trav. de Gutenberg 5 – 1º, Polígono A Greña-Bens, A Coruña) e na páxina web da Federación (www.fegar.org), cun mínimo de 5 días hábiles de antelación ao inicio do procedemento.
2. No mesmo prazo remitirá copia da convocatoria á Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 6.- Contido da convocatoria.


A notificación da convocatoria de eleccións conterá, os seguintes datos:

- a) Regulamento Electoral e prazos do Calendario Electoral.
- b) Lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
- c) Lugar de consulta dos censos electorais así como dos procedementos establecidos para as reclamacións destes, garantindo o acceso á súa consulta a todos os membros da Federación interesados.
- d) Modelos oficiais de cédulas e parvuletas.
- e) Composición e sede da Xunta Electoral da Federación.

SECCIÓN TERCEIRA - O CENSO ELECTORAL

Artigo 7.- Contido do Censo Electoral.

1. O Censo Electoral (ANEXO III) incluírá aos deportistas, técnicos/adestradores, xuíces/árbitros e entidades deportivas inscritas na Federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 17º do presente regulamento. Inclúiranse os seguintes datos:
 - a. Para os/as deportistas, adestradores e xuíces/árbitros: nome, apelidos, número de licenza federativa, número do Documento Nacional de Identidade ou da tarxeta de residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será o do club ao que pertencen, ou no seu caso tamén respecto do estamento de xuíces/árbitros, ou que a estes efectos indique a Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.
 - b. Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como o nome e apelidos do Presidente e Secretario. Os datos dos clubs deberán ser plenamente coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, tendo a Federación a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no rexistro da Federación e os obrantes no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a súa subsanación.





Artigo 8.- Circunscrición Electoral.


A circunscrición electoral para as eleccións a membros da Asemblea Xeral polos estamentos de Clubs, Deportistas, Técnicos e Árbitros será única, a cal coincidirá coa territorialidade da Federación, isto é, a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 9.- Publicación e Reclamacións

1. O censo electoral provisional publicarase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal poderanse presentar as reclamacións que se estimen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta no prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio da xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Remo, así como na páxina web www.fegar.org.
2. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algunha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola Xunta Electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 deste artigo para o censo provisional.
3. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela.
4. Có fin de facilitar a participación e integración na actividade deportiva da Federación, os candidatos proclamados e membros da asemblea xeral poderán dispoñer do respectivo censo de persoas que compoñen cada estamento, cós datos de carácter persoal contidos na licenza federativa. No caso dos candidatos proclamados á Presidencia, poderán dispoñer do censo de persoas que conforman a asemblea xeral cós mesmos datos de carácter persoal facilitados na licenza federativa.

Artigo 10.- Electores incluídos en varios estamentos.

1. Os membros da Federación que pertencen a dous ou máis estamentos no Censo Electoral deberán optar por un deles por escrito á Xunta Electoral, escrito que deberá cursarse no prazo de reclamacións ao censo.
2. De non exercer esta opción no prazo, os electores que se atopen en varios estamentos no censo electoral provisional quedarán incluídos nun só estamento segundo o seguinte criterio:
 - No estamento de deportistas, ós que sexan incluídos no censo de deportistas e técnicos.
 - No estamento de deportistas, ós que se atopen no censo de deportistas, de técnicos e de xuíces-árbitros.
 - No estamento de técnicos, os que se atopen incluídos no censo de técnicos e xuíces-árbitros.





3. A Xunta Electoral fará as modificacións no Censo que se deban efectuar como consecuencia do exposto no apartado anterior, procedendo a súa publicación no momento do censo definitivo.

SECCIÓN CUARTA - A XUNTA ELECTORAL.

Artigo 11.- Composición.

1. Constituirase una Xunta Electoral con sede nos locais da Federación Galega de Remo de forma simultánea á convocatoria de eleccións. A Xunta Electoral corresponderalle a organización, supervisión e control do proceso electoral.

2. A Xunta Electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na Asemblea Xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura. No caso de que no haxa candidatos suficientes o Presidente da Federación propondrá á asemblea os membros necesarios para completar a que deberán reunir os requisitos definidos no apartado 4

3. Os membros da Xunta deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non presentarse como candidato a membro da Asemblea Xeral.
- d) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Galega de Remo.
- e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva.

4. Actuará como Presidente e Secretario da Xunta Electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da Xunta Electoral tomaranse por maioría dos votos.

5. A Asemblea Xeral poderá designar como Secretario de Actas para asistir á Xunta Electoral ao Secretario da Federación con voz e sen voto.

6. A Xunta Electoral poderá adoptar as súas decisións mediante xuntanzas presenciais ou empregando medios técnicos que permitan a comunicación e adopción de acordos de xeito que quede constancia da emisión das opinións de cada un dos seus compoñentes.

7. Para o cumprimento da súa función disporá dos medios humanos e materiais da propia Federación

Artigo 12.- Funcións.

Son funcións propias da Xunta Electoral:

- 1. Velar polo axuste a dereito do proceso electoral.
- 2. Organizar os procesos das eleccións para a Asemblea Xeral, Presidente e comisión delegada, segundo o previsto neste regulamento electoral.
- 3. Admitir e proclamar os candidatos.
- 4. Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos de conformidade co previsto neste regulamento.







5. Resolver as reclamacións sobre o censo electoral.
6. Designar a Mesa Electoral de conformidade co previsto neste regulamento.
7. Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
8. Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo ata a súa finalización.
9. Decidir sobre todas as cuestións que afecten directamente a la celebración e desenvolvemento das eleccións e seus resultados, e en xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento.

Artigo 13.- Duración.

1. A Xunta Electoral constituirase o mesmo día da convocatoria das eleccións, permanecendo en activo ata que remate o proceso electoral. A Xunta Electoral actuará nos locais da Federación Galega de Remo ou nos locais que a tal fin ésta habilite.
2. A Comisión Xestora proveerá os medios razoables, tanto materiais, con persoais, para que a Xunta Electoral cumpra as súas funcións.

Artigo 14.- Convocatoria e quorum.

1. A Xunta Electoral será convocada polo seu Presidente, xa sexa por propia iniciativa ou a petición dun dos seus membros.
2. A Xunta Electoral considerárase validamente constituída con la concorrencia da maioría dos seus membros.
3. Os acordos da Xunta Electoral, adoptaranse por votación dos seus membros e por maioría simple. Os acordos serán notificados ós interesados e publicados no taboleiro de anuncios da Federación e na páxina web, entendéndose esta publicación como notificación ó interesado a efectos de prazos, sen prexuízo de notificación persoal, no caso de terse interposto reclamacións.
4. En caso de empate o voto do Presidente terá carácter dirimente.
5. De cada sesión levantarase acta, que asinarán tódolos asistentes.
6. Salvo los casos que expresamente se sinala outro prazo, as reclamacións ante a Xunta Electoral deberán presentarse en un prazo de dous días hábiles a contar desde o seguinte a la finalización del prazo en que se desenrolase a actuación que se pretenda impugnar.
7. Os prazos de interposición de recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva será de tres días hábiles contados dende o seguinte ó da notificación de resolución ou acordo obxecto de recurso, ou se for o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada.





CAPITULO II - ELECCIÓN DA ASEMBLEA XERAL

SECCIÓN PRIMEIRA: COMPOSICIÓN DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 15.- Composición.


1. O número de membros da Asemblea Xeral será o que resulte de aplicar o artigo 10 da Orde da Consellería de Presidencia de 8 de setembro unha vez se coñeza a composición do censo electoral, fixándose con carácter provisional en 40. En caso de que o censo definitivo obrigue a corrixir este dato, será competente para elo a Xunta Electoral. O Presidente da Federación desempeñará a Presidencia da Asemblea Xeral.
2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, salvo a singularidade prevista para o estamento de entidades deportivas, por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.
3. Na Asemblea Xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na Federación e, cando menos, as entidades deportivas, os deportistas, os adestradores e os árbitros/xuíces.
4. No estamento de entidades deportivas haberá membros natos e membros electos.
5. A representación das entidades deportivas corresponde ao seu Presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidedignamente mediante certificación da inscrición do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.
6. Non cabe representación das persoas físicas.
7. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.
8. A Federación galega de Remo axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).

Artigo 16.- Membros natos da Asemblea polo estamento de Entidades Deportivas.

1. Conforme o establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, establécese como baremo para a designación dos membros natos da Asemblea Xeral o seguinte: maior número de licenzas e maior número de participacións en competicións ou actividades, en ambos casos referidas á tempada 2013.

Con aplicación de dito baremo, a convocatoria de eleccións precisará cales son as entidades deportivas que teñen a condición de membros natos. Para a determinación de membros natos valorarase tanto o número de competicións en que se participou como o número de deportistas participantes.

2. No caso de empate nalguna das categorías anteriores, será membro nato aquela entidade deportiva que ten máis méritos na outra categoría. No caso de proseguir o empate, este resolverase favorablemente para a entidade deportiva con máis antigüidade na súa afiliación á Federación.





No caso de que unha entidade deportiva teña méritos de obter representación na asemblea por ambas categorías, a representación resultante será cuberta polas entidades deportivas candidatas á asemblea segundo o procedemento ordinario de elección no estamento de Entidades Deportivas.

Os clubs deberán estar incluídos no Censo Electoral Definitivo. Aqueles clubs que desexen renunciar á súa condición de membro nato deberán facelo, ante a Xunta Electoral, no prazo de reclamación ó censo provisional establecido neste regulamento. A Xunta Electoral publicará tal incidencia no taboleiro de anuncios da Federación, así como na súa páxina web www.fegar.org.

Para os efectos de publicidade e posibles recursos observárase o disposto neste regulamento electoral respecto ó censo electoral.

SECCIÓN SEGUNDA - ELECTORES E ELIXIBLES

Artigo 17.- Condición de electores e elixibles

1. Poderán ser electores e elixibles:


a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, adestradores e árbitros/xuíces) os que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
- Ter licenza federativa en vigor e tala polo na tempada deportiva anterior á data de convocatoria de eleccións.
- Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior.

b) No caso do estamento de Entidades Deportivas: aquelas entidades deportivas, que estean inscritas, no ano da convocatoria das eleccións, na Federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estes efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en catro competicións entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente unha delas no ano da convocatoria das eleccións. Non será elixibles aquelas entidades deportivas que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos.

2. Aos efectos deste artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Remo ou pola Federación Española de Remo coa aprobación ou intervención de aquela.

3. Non incorre en duplicidade de voto quen, ostentando a representación dunha entidade deportiva, exerza o seu dereito de voto a título individual e ademais sexa portador de voto da súa entidade deportiva.





SECCIÓN TERCEIRA - PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS

Artigo 18.- Presentación de candidaturas.

Poderá ser candidato a membro da Asemblea Xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a Xunta Electoral. Para a solicitude establécese un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo.

Artigo 19.- Proclamación de candidaturas.

- 1.- Unha vez presentadas as candidaturas, a Xunta Electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública na páxina web www.fegar.org. Haberá un prazo de 2 días hábiles para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta Electoral.
- 2.- No prazo de dous días hábiles a Xunta Electoral resolverá as posibles reclamacións si as houbera e procederá á proclamación definitiva de candidatos.

SECCIÓN CUARTA - MESAS ELECTORAIS

Artigo 20.- Mesa Electoral.

- 1.- Para a elección de membros da Asemblea Xeral, constituiranse unha Mesa Electoral, con sede no Servizo Provincial de Deportes, sito na Praza Agustín Díaz nº 3, Complexo Deportivo Elviña (A Coruña). O horario de apertura será o que figura no calendario electoral (horario de 10,00 h. a 14,00 h.)
- 2.- A Mesa Electoral estará composta por tres membros titulares (un Presidente, un Secretario e un Vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola Xunta Electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán Presidente e Secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á Mesa Electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola Xunta Electoral.
- 3.- Así mesmo, para a Mesa Electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a Xunta Electoral con antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votacións. A Xunta Electoral expedirá a correspondente acreditación.
- 4.- Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste regulamento.
- 5.- A efectos de remisión do voto por correo, establécese como mesa para a recepción deste voto a única.





Artigo 21.- Funcións da Mesa Electoral.

1.- Son competencias da Mesa Electoral:

- Comprobar a identidade dos votantes.
- Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
- Proceder ó reconto de votos.
- Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calquera outra incidencia, así como das incidencias e reclamacións se as houbera, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.

2.- A acta será subscrita por todos os membros da Mesa Electoral, así como polos interventores, se os houber, remitiéndose posteriormente á Xunta Electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web www.fegar.org

3.- Os membros da Mesa Electoral terán dereito a percibir compensación económica pola súa labor, correspondendo á Federación aboarlles dietas por asistencia a xuntanzas así como gastos de desprazamentos debidamente xustificadas, segundo os mínimos establecidos legalmente.

4.- Os gastos de desprazamentos dos membros das mesas electorais, serán sufragados pola Federación Galega de Remo a razón de 0,19 euros por kilómetro percorrido en vehículo propio, máis os gastos de peaxe de autoestrada e aparcamento sempre que se xustificaren, nin o importe xustificado de medio de transporte público utilizado. En caso de que haxa que pernoctar aboaranse os gastos xustificadas de estancia e por manutención, os xustificados que non excedan os 26,67 euros por día.

SECCIÓN QUINTA - VOTACIÓN

Artigo 22. – Desenvolvemento da votación.

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación efectuarase o día 23 de novembro de 2014, sinalado no Calendario Electoral, sen interrupcións durante o horario entre as 10,00 e as 14,00 horas.

2. Só por causa de forza maior poderá non iniciarse ou interromperse a votación. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos, nin se procederá ao seu escrutinio. En tal caso, a Xunta Electoral procederá a fixar data inmediata para celebrar de novo a votación.

Artigo 23. – Acreditación do elector.

1. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda, debéndose acreditar fehacientemente a dita representación mediante certificación da inscrición do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.





2. Os candidatos que non resulten elixidos en cada estamento terán a condición de suplentes por orden de votos recibidos.
3. Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución polo suplente que ocupe o seguinte posto por número de votos recibidos.

Artigo 24. – Emisión do voto.

1. Cada elector poderá votar, como máximo, a tantos candidatos como corresponda elixir en cada circunscrición polo estamento ó que pertenza.
2. O Secretario comprobará a inclusión no censo e a identidade do votante. A continuación, o Presidente introducirá o sobre co voto na urna. En ningún caso se admitirán papeletas sen sobre ou en sobre non oficial.

Artigo 25. – Urnas, sobres e papeletas.


1. As urnas serán transparentes e pechadas.
2. Os sobres e as papeletas axustaranse ao modelo oficial que se estableza na convocatoria.

Artigo 26. – Peche da votación.

- 1.- Chegada a hora de finalización da votación, o Presidente dará conta deste feito aos presentes en voz alta e non permitirá entrar a ninguén máis no local. Seguidamente, preguntará se algún dos electores presentes aínda non votou e admitiranse os votos que estes emitan.
- 2.- Acto seguido procederá o Presidente á introdución dos votos emitidos por correo distribuíndoos por estamentos comprobando antes da súa introdución que non existe duplicidade nos emitidos, en todo caso terá preferencia o voto presencial. Trala apertura do sobre exterior e tras comprobar coa fotocopia do DNI a inclusión do votante no censo, introducirase o sobre pequeno de votación sen abrilo na urna que corresponda.
- 3.- A continuación votarán os membros da Mesa e os interventores, no seu caso.

Artigo 27 – Voto por correo.

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea naqueles estamentos integrados por persoas físicas.
2. O exercicio do voto por correo haberá de ser solicitado polo interesado á Xunta Electoral, dende a data da convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.
3. Recibida pola Xunta Electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo definitivo do solicitante, realizando no caso de estar inscrito a anotación correspondente no censo e extendendo un certificado de autorización do voto por correo.
4. O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o





estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría xeral para o deporte.

5. A Xunta Electoral deberá remitir este certificado dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remitíndollo aos solicitantes por correo certificado urgente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

6. O listado de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría xeral para o deporte, publicándose asemade na páxina web www.fegar.org.

7. O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola Xunta Electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría xeral para o deporte para a súa custodia, por correo certificado urgente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

Anverso:

Secretaría xeral para o deporte

Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4

15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Remo

Reverso:

Nome e apelidos do remitente

Estamento de (o que pertenza)

8. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urgente, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría xeral para o deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da Mesa Electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa Electoral poidan abrilos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.

9. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

SECCIÓN SEXTA - ESCRUTINIO E PROCLAMACIÓN DE RESULTADOS

Artigo 28.- Escrutinio

1.- Terminadas as operacións detalladas na Sección anterior do presente Regulamento, o Presidente declarará pechada a votación e iniciará o escrutinio. Un membro da mesa irá extraendo un a un os sobres das urnas, abríndoos, lendo en voz alta os nomes dos candidatos votados e exhibindo cada papeleta aos interventores presentes. Ao final comprobarase o número total de papeletas co de votantes anotados.





2.-Serán nulos:

a) Os votos emitidos en papeletas non oficiais, así como os emitidos en sobres que conteñan máis dunha papeleta, salvo que as incluídas foran idénticas.

b) Os votos emitidos en favor dun número de candidatos superior ao máximo establecido para cada estamento.

3.- Feito o recuento de votos, o Presidente preguntará se hai algunha protesta que formular contra o escrutinio e non facéndose, ou despois de resoltas por maioría da Mesa as que se presentaran, anunciará en voz alta o seu resultado, especificando o número de votantes, o de papeletas lidas, o de papeletas non admitidas, o de papeletas en branco, o de papeletas nulas e o de votos obtidos por cada candidatura.

4.- As papeletas extraídas das urnas uniranse ao Acta.

Artigo 29.- Proclamación de resultados.

1. O Presidente, Secretario, vocais e interventores asinarán as listas numeradas de votantes ao marxe de tódolos seus pregos e inmediatamente debaixo do último nome escrito.

2. Redactada e firmada o acta de votación de acordo ao previsto no artigo anterior será entregada a Xunta Electoral por a Mesa Electoral.

3. A Xunta Electoral tras o exame da documentación e a resolución das reclamacións que se formularán, proclamará os resultados definitivos das eleccións á Asemblea Xeral e procederá á redacción dun acta na que se reflectirán estes resultados.

4. No caso de empate a votos entre dous ou máis candidatos, resolverase do seguinte modo:



- 1. No caso dos Clubs ou persoas xurídicas: o Club de maior antigüidade na FEGAR.
- 2. No caso de persoas físicas a de maior idade.

5. Cando o numero de candidatos de calqueina estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros a elixir, non será necesaria a celebración de eleccións, dando continuidade ao proceso electoral.

6. Non obstante, en caso de que nalgún estamento da Asemblea houberse máis dun vinte por cento de vacantes, unha vez rematado o proceso electoral, nun prazo máximo de tres meses, o Presidente da FEGAR convocará elección neste estamento ata cubrir as vacantes.

7. Se un membro electo da Asemblea Xeral perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose a súa substitución da seguinte forma:

Os candidatos que non resultasen elixidos integrarán unha lista de suplentes para cada estamento, ordenada de acordo có número de votos obtidos. Esta lista servirá para cubrir de forma automática, as vacantes que vaian xurdindo na Asemblea Xeral con posterioridade ás eleccións. Esta lista quedará pechada unha vez resoltos os posibles empates.





Artigo 30.- Cobertura de vacantes sobrevidas na Asemblea Xeral

1.- Os candidatos que non resultaran elixidos integrarán unha lista de suplentes para cada estamento, ordenada de acordo co número de votos obtidos. Esta lista servirá para cubrir, de forma automática, as vacantes que vaian xurdindo na Asemblea Xeral con posterioridade as eleccións.

2.- Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ó número de membros que hai que elixir, non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ó procedemento electoral.

Non entanto, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

CAPITULO III - ELECCIÓN DE PRESIDENTE

SECCIÓN PRIMEIRA - FORMA DE ELECCIÓN


Artigo 31.- Forma de elección

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asemblea Xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e dos membros da Comisión Delegada. O Presidente da Federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da Asemblea Xeral presentes no momento da elección.

2. Na votación de elección de Presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación das entidades deportivas realizarase conforme o establecido no artigo 23 parágrafo 1, non admitíndose que unha persoa ostente a representación de máis dunha entidade deportiva.

Artigo 32.- Convocatoria

A convocatoria de eleccións a Presidente realizarase de forma conxunta coa da primeira reunión da Asemblea Xeral.





Artigo 33.- Elixibles

1. No prazo de 2 días hábiles dende a proclamación definitiva de membros da Asemblea Xeral, poderá presentar candidatura a Presidente da Federación calquera persoa física, sen que teña que ser membro da Asemblea Xeral, que teña a condición política de galego (**segundo o Art. 3.1, da Lei Orgánica 1/1991, do 6 de abril pola que se aproba o Estatuto de Autonomía no que di expresamente: A efectos do presente Estatuto gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan a veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia**), maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme. A persoa que resulte elixida como Presidente non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa. Non se poderá simultanear a presidencia dunha entidade deportiva coa presidencia da federación deportiva na que se integre o dita entidade deportiva (art. 58.3 Lei 3/2012).

2. Se algún membro da Comisión Xestora presentase a súa candidatura á Presidencia, deberá cesar naquela.

3. O Presidente saínte da Federación será membro da nova Asemblea Xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á Presidencia ou, de téndoa presentado, non resultara elixido.

Artigo 34.- Presentación de Candidaturas.

A presentación de candidaturas farase na sede oficial da Federación, mediante escrito dirixido á Xunta Electoral. Se a presentación fose presencial, a Xunta Electoral emitirá un xustificante ou copia selada, se fose por outro medio o candidato deberá asegurarse da recepción do escrito.

Artigo 35.- Proclamación de Candidaturas.


1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Xunta Electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a Presidente no taboleiro de anuncios da Federación así como na súa páxina web, www.fegar.org. Pódense presentar impugnacións a esta no prazo de 2 días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola Xunta Electoral no prazo de 2 días hábiles.

2. A Xunta Electoral publicará no día seguinte hábil, seguindo os medios reflectidos no punto anterior, a lista definitiva de candidatos á Presidencia.

SECCIÓN SEGUNDA - MESA ELECTORAL

Artigo 36.- Composición da Mesa Electoral.

Para a elección a Presidente da Federación Galega de Remo, constituirase a Mesa Electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade dos membros da asemblea. O primeiro actuará como Presidente e o segundo como Secretario. Así mesmo e ata que conclúa a elección de Presidente exercerán funcións de Presidente e Secretario da asemblea.






SECCIÓN TERCEIRA - VOTACIÓN, ESCRUTINIO E PROCLAMACIÓN DE RESULTADOS.

Artigo 37.- Desenvolvemento da votación e proclamación de resultados.

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, se constituirá a Asemblea Xeral en primeira ou segunda convocatoria, entrambas deberá mediar media hora.
2. Comezada a sesión e constituída a Mesa Electoral, o Presidente presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.
3. Os candidatos exporán os seus programas dispoñendo para elo de 10 minutos cada un e se non houberse acordo en canto á orde das intervencións se decidirá por sorteo, procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do Presidente, que será secreta.
4. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.
5. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.
 - 5.1. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obtengan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.
 - 5.2. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto en coas excepcións contempladas, obtiveran polo menos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido Presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.
 - 5.3. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous máis votados, resultando elixido o que obteña maioría de votos. Este terceira votación terá lugar na mesma xuntanza da asemblea a continuación da segunda.
6. Terminada cada unha das votacións realizadas, a Mesa Electoral procederá ó recuento de votos e levantará a oportuna acta.
7. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. En caso de empate suspenderase a sesión por un espazo de tempo, non inferior a unha hora, nin superior a tres, celebrándose unha última votación, tamén por maioría simple. De persistir o empate, efectuarase un sorteo que decidirá quen será o Presidente electo da Federación.
8. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.
9. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a Presidente no prazo máximo de 3 meses.





10. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á Xunta Electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a Xunta Electoral proclamará Presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días.
11. Unha vez proclamado definitivamente o novo Presidente, a Comisión Xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á Federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría xeral para o deporte.
12. Tras a súa proclamación o Presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da Federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

CAPITULO IV - ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA

Artigo 38.- Composición e forma de elección.

1. A Comisión Delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral. Será presidida polo Presidente da federación como membro nato desta.

2. O número de membros da Comisión Delegada será de seis, ademais do Presidente, distribuídos por estamentos, da seguinte forma:


- Tres, correspondentes ás entidades deportivas, elixidos por e entre elas.
 - Un, polos Deportistas, elixidos por e entre eles.
 - Un, polos Técnicos/Adestradores, elixidos por e entre eles.
 - Un, polos Xuíces-Árbitros, elixidos por e entre eles.

3. O procedemento para a súa elección será o seguinte. Poderán ser candidatos a membro da Comisión Delegada os membros da Asemblea, debendo dirixir un escrito á Xunta Electoral, facendo constar a condición de membro da Asemblea Xeral e manifestando expresamente a vontade de ser presentar como candidato a membro da Comisión Delegada, especificando o estamento polo que se presenta. O prazo será de tres días hábiles dende a proclamación definitiva do resultado da votación de membros da Asemblea Xeral.

4. Se no prazo previsto para presentar candidaturas se presentase un número inferior ós postos a elixir, ditos candidatos quedarán automaticamente elixidos sen votación, e poderán presentarse no acto da Asemblea outros candidatos que serán sometidos a votación. No caso de empate procederase a unha segunda volta entre os candidatos empatados e se persiste o empate, resolverase por sorteo.

5.- Actuará como Mesa Electoral a mesma que actuou para a elección de Presidente. As votación no caso de existir mais candidatos que membros por estamento, realizaranse de forma sectorial por estamento e entre os membros de cada un deles.

6.- As candidaturas recibidas facilitaranse na correspondente papeleta de voto, así como os sobres oficiais a os electores na propia sesión da Asemblea Xeral.





7.- Dispoñeráse de catro urnas, unha por cada Estamento.

8.- O Presidente da Mesa efectuará un novo chamamento da mesma forma do disposto para a elección do Presidente.

9.- Non se admitirá o voto por correo nin a delegación do voto.

Artigo 39.- Cobertura de vacantes sobrevidas na Comisión Delegada.

Os candidatos á Comisión Delegada presentados e votados pero non elixidos, integrarán unha lista de suplentes para cada estamento ordenada segundo el número de votos obtidos e que servirá para cubrir as vacantes que vaian xurdindo na Comisión Delegada con posterioridade ás eleccións. En caso de no existir substitutos, non se cubrirá a praza vacante.

CAPITULO V - RECURSOS

Artigo 40.- Recursos ante a Xunta Electoral

Os recursos ante a Xunta Electoral serán presentados persoalmente ou por calquera medio que acredite fidedignamente en dereito a presentación do escrito, na sede federativa mediante escrito dirixido ao Presidente da Xunta Electoral.

Artigo 41.- Prazos

O coñecemento de tódolos recursos que se poidan formular na materia electoral corresponde á Xunta Electoral, sendo tódalas súas resolucións recorribles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Están lexitimados para interpoñer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da Xunta Electoral.

Os recursos ante a Xunta Electoral serán presentados, persoalmente ou por calquera medio que acredite fidedignamente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama...), na sede central federativa mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta Electoral.

Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da Xunta Electoral serán de dous días hábiles, salvo nos casos nos que no presente regulamento ou na Orde do 8 de setembro de 2010 se establezan outros distintos.

Artigo 42.- Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

1. Contra os acordos e resolucións das xuntas electorais procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.

2. Están lexitimados para interpoñer recursos quen fose parte na impugnación ante a Xunta Electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución.

3. Os prazos de interposición de recurso electoral ante o comité Galego de Xustiza Deportiva será de tres días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación de resolución ou acordo obxecto de recurso, ou se for o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada.





4. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:




- a. Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
- b. Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- c. Lexitimación para interpoñer o recurso
- d. O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- e. As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.
- f. As pretensións que deduzan de tales consideracións.
- g. Lugar, data e sinatura.

Artigo 43.- Convocatoria da Asemblea Electoral

Coa publicación do presente Regulamento e da Convocatoria Electoral enténdese feita a convocatoria da Asemblea Xeral a celebrar o día 14 de decembro de 2014, nas instalacións do Hotel Santiago-HUSA, da localidade de Santiago de Compostela, Ctra. do Aeroporto, s/n, ás 10,00 h. en primeira convocatoria e ás 10,30 h. en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Constitución da Asemblea.
2. Constitución da Mesa.
3. Elección do Presidente da Federación.
4. Elección da Comisión Delegada.

Para válida constitución da Asemblea bastará que concorran a metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria. Na segunda convocatoria quedará validamente constituída calquera que sexa o número de asistentes.





ANEXO I – CALENDARIO ELECTORAL

CONVOCATORIA DE ELECCIÓN 2014

ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA DA FEGAR.

<u>DATA</u>	<u>ACTO ELECTORAL</u>
14-09-2014	Asemblea Xeral Extraordinaria para a aprobación do Regulamento Electoral, Calendario electoral e elección dos Membros da Xunta Electoral.
15-09-2014	Presentación do Regulamento Electoral na Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación (Prazo de revisión máximo 10 días hábiles)
26-09-2014	Remata o prazo para que a Secretaría Xeral para o Deporte resolva sobre o Regulamento e prazo de subsanación.
30-09-2014	Notificación da convocatoria á Secretaría Xeral para o Deporte e as entidades deportivas integrantes desta Federación (5 días hábiles de antelación á convocatoria).
06-10-2014	Convocatoria Electoral, Regulamento Electoral e Calendario Electoral, quedan expostos no taboleiro de anuncios da Federación e na páxina web da mesma. Indícase o número de compoñentes da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada e a distribución por estamentos. A Xunta Directiva se constitúe en Comisión Xestora. Queda Constituída a Xunta Electoral, con indicación do seu enderezo, ó cal se dirixirá toda a correspondencia electoral. Exposición do Censo Electoral Provisional. Inicio do prazo de dez días para reclamar contra o censo provisional. Inicio do prazo para optar os que pertencen a varios estamentos. Inicio do prazo para solicitar o voto por correo.
17-10-2014	Remata o prazo para reclamar contra o censo provisional (19,00h.). Remata o prazo para optar por un estamento cando se pertence a máis de un (19,00 h.). Remata o prazo para renunciar a condición de membro nato (19,00 h)





23-10-2014	<p>Resolución de reclamacións ó censo provisional. Publicación do censo definitivo.</p> <p>A Xunta Electoral concretará definitivamente o número de compoñentes da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada e a súa distribución por estamentos.</p> <p>Inicio do prazo de presentación de candidaturas á Asemblea Xeral.</p> <p>Realización do sorteo por parte da Xunta Electoral para a designación da Mesa Electoral para a elección de membros da Asemblea Xeral.</p>
25-10-2014	<p>Remata o prazo para solicita-lo voto por correo (19,00 h.)</p>
27-10-2014	<p>Remata o prazo para presentar candidaturas á Asemblea Xeral (19,00h.).</p> <p>Proclamación provisional de candidaturas á Asemblea Xeral e publicación das mesmas (20,00 h.).</p> <p>Inicio do prazo de presentación de reclamacións á proclamación provisional de candidatos á Asemblea Xeral (20,00 h.)</p>
29-10-2014	<p>Remata o prazo para a presentación de reclamacións a proclamación provisional de candidatos á Asemblea Xeral (19,00 h.)</p>
31-10-2014	<p>Resolución de reclamacións contra a lista de candidatos á Asemblea Xeral e publicación da lista definitiva.</p>
04-11-2014	<p>Envío ós solicitantes de voto por correo da certificación que o autoriza, o sobre e a papeleta.</p> <p>A Xunta Electoral remite á Secretaría Xeral para o Deporte a relación de electores habilitados para votar por correo e a publica na web.</p>
15-11-2014	<p>Remata o prazo para depositar nas oficinas de correos o voto por correo.</p>
20-11-2014	<p>Remata o prazo para comunicar á Xunta Electoral o nomeamento de interventores (19,00 h.)</p>
23-11-2014	<p>Constitución da Mesa Electoral. Votación para a elección de membros da Asemblea Xeral por estamentos. Horario para a votación dende as 10:00 ás 14:00 horas.</p> <p>Remisión de actas á Xunta Electoral.</p> <p>Publicación de resultados provisionais.</p> <p>Inicio do prazo para reclamar contra os resultados provisionais.</p>
25-11-2014	<p>Remata o prazo para reclamar contra os resultados provisionais (19,00 h.)</p>





27-11-2014	<p>Resolución de reclamacións contra os resultados provisionais.</p> <p>Proclamación definitiva de membros á Asemblea e publicación de resultados definitivos.</p> <p>Remisión dos mesmos á Secretaría Xeral para o Deporte.</p> <p>Comeza o prazo para a presentación de candidaturas a Presidencia e a membros da Comisión Delegada.</p>
28-11-2014	<p>Convocatoria de sesión constitutiva da Asemblea Xeral electa para a Elección de Presidente da Federación Galega de Remo e membros da Comisión Delegada.</p>
29-11-2014	<p>Remata o prazo para presentar candidaturas á Presidencia e á Comisión Delegada (19,00 h.).</p> <p>Proclamación Provisional e Publicación das listas provisionais de candidatos (20,00 h).</p> <p>Inicio do prazo para reclamar contra a lista provisional de candidatos á Presidencia e á Comisión Delegada (19,00 h.).</p>
02-12-2014	<p>Remata o prazo para reclamar contra as listas provisionais de candidatos á Presidencia e á Comisión Delegada (19,00 h.)</p>
04-12-2014	<p>Resolución das reclamacións contra as listas provisionais de candidatos á Presidencia e á Comisión Delegada.</p>
05-12-2014	<p>Publicación das listas definitivas de candidatos á Presidencia e á Comisión Delegada.</p>
14-12-2014	<p>Constitución da nova Asemblea Xeral.</p> <p>Constitución da Mesa Electoral e proceso de elección de Presidente e dos membros da Comisión Delegada (10,00 h. en primeira convocatoria e 10,30 h. en segunda convocatoria).</p> <p>Publicación de resultados provisionais.</p> <p>Inicio do prazo para reclamar contra os resultados provisionais.</p>
16-12-2014	<p>Remata o prazo para reclamar contra os resultados provisionais (19,00 h.).</p>
18-12-2014	<p>Resolución das reclamacións contra os resultados provisionais.</p> <p>Publicación dos resultados definitivos.</p> <p>Inicio do prazo para o traspaso de documentación pola Xunta Xestora ó novo Presidente.</p>
29-12-2014	<p>Finaliza o prazo para o traspaso de documentación.</p> <p>Remate do prazo de remisión da acta de entrega de resultados á Secretaría Xeral para o Deporte.</p>



Anexo II. Modelos de sobres e papeletas

Tipoloxía dos sobres

SOBRE “A” (Maior que o sobre “B”)

ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL DA
FEDERACIÓN GALEGA DE REMO

SOBRE DE REMISIÓN DO VOTO POR CORREO

CERTIFICADO URXENTE

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 4

15781.- SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

No remite deben figurar os datos do votante: nome e apelidos completos, dirección completa e estamento polo que se vota. Neste sobre deberase introducir unha fotocopia do DNI da persoa que exerce o voto, certificado da Xunta Electoral conforme pode votar e o sobre “B” có voto.

SOBRE “B” (Menor que o sobre “A”)

VOTO PARA OS CANDIDATOS Á ASEMBLEA XERAL DA
FEDERACIÓN GALEGA DE REMO POLO ESTAMENTO
DE:

(poñer o nome do estamento polo que se vota)



Neste sobre hai que introducir a papeleta do voto

Este sobre será de cor sepia e non levará nada escrito ou debuxado.
Neste sobre introducirase só a papeleta do voto correspondiente.

Tipoloxía das papeletas de voto

Na papeleta da votación figurará o estamento ó que pertence o voto, e uns espazos numerados en cantidade xusta según o número de representantes que lle corresponda a cada estamento, e onde haberá que escribir o nome completo dos candidatos polos que se efectúa o voto.

Pola parte de atrás da papeleta estarán impresas as normas xerais da votación.

As papeletas serán dunha cor específica para cada estamento.

Estas papeletas son as que hai que introducir no sobre "B".



FEDERACIÓN GALEGA DE REMO
ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL
2014

ESTAMENTO: ENTIDADES DEPORTIVAS
CANDIDATOS VOTADOS

O votante deberá escribir o nome dos CLUBES ós que desexe votar, dos que figuren na lista de candidatos, ata un máximo de 14 CLUBES.

- 1.- _____
- 2.- _____
- 3.- _____
- 4.- _____
- 5.- _____
- 6.- _____
- 7.- _____
- 8.- _____
- 9.- _____
- 10.- _____
- 11.- _____
- 12.- _____
- 13.- _____
- 14.- _____



FEDERACIÓN GALEGA DE REMO
ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL
2014

ESTAMENTO: ADESTRADORES

CANDIDATOS VOTADOS

O votante deberá escribir o nome dos adestradores ós que desexe votar, dos que figuren na lista de candidatos, ata un máximo de 4 ADESTRADORES

- 1.- _____
- 2.- _____
- 3.- _____
- 4.- _____
- 5.- _____



FEDERACIÓN GALEGA DE REMO
ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL
2014

ESTAMENTO: DEPORTISTAS

CANDIDATOS VOTADOS

O votante deberá escribir o nome dos deportistas ós que desexe votar, dos que figuren na lista de candidatos, ata un máximo de 8 DEPORTISTAS

- 1.- _____
- 2.- _____
- 3.- _____
- 4.- _____
- 5.- _____
- 6.- _____
- 7.- _____
- 8.- _____



FEDERACIÓN GALEGA DE REMO
ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL
2014

ESTAMENTO: XUICES - ÁRBITROS

CANDIDATOS VOTADOS

O votante deberá escribir o nome dos xuíces-árbitros ós que desexe votar, dos que figuren na lista de candidatos, ata un máximo de 4 XUICES-ÁRBITROS

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____

